



**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL, CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA E SOCIAL BLACK&CHAIN COMMUNITY E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NOS CENTROS SANITARIOS DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS QUE MELLOREN A CALIDADE DE VIDA DOS PACIENTES E QUE FOMENTEN AS PRÁCTICAS ARTÍSTICAS NO ENTORNO SANITARIO**

En Ourense, 20 de maio de 2025

**REUNIDOS**

**Dunha parte**, D. Antonio Gómez Caamaño conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 de la Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos, 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bon goberno e no establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Doutra parte** D. Jose Antonio García Gómez, presidente da Asociación Cultural, Científico-tecnolóxica e Social Black&Chain Community con domicilio social na cidade de Ourense Rúa Nicomedes Pastor Diaz nº 8 Bajo (32002), e Inscrita no Rexistro de Asociacións Xunta de Galicia nº 2023/25638-1, con NIF G13998125.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio marco de colaboración e para estes efectos.

**MANIFESTAN:**

**I.** Que a asociación Cultural, Científico-tecnolóxica e Social Black&Chain Community, ten como obxectivo mellorar a vida das persoas, acercando a cultura alí onde non adoita chegar, entre outros, a arte plástica. Persegue os seguintes obxectivos:



- a) Reivindicar o valor real das artes e a cultura en relación á saúde.
  
- b) Facilitar o acceso ao arte, á cultura a novos públicos del ámbito sanitario, favorecendo a súa humanización, o coñecemento, o ocio, o aprendizaxe, a integración e o disfrute estético.
  
- c) Transformar os espazos hospitalarios en ambientes máis amables que xeren benestar a pacientes e usuarios, usando todo tipo de técnicas e disciplinas de onde a arte e a saúde xúntanse.
  
- d) Fomentar a filantropía, o mecenazgo e/o apoio económico dos particulares, administracións e institucións públicas e empresas privadas para o apoio de proxectos de impacto no ámbito cultura-saúde.
  
- e) Promover e contribuír a crear novas oportunidades de actividade e emprego para artistas, músicos e xestores culturais, relacionadas co ámbito da saúde e o benestar en relación aos pacientes hospitalizados e ambulatorios.
  
- f) Fomentar relacións entre expertos en arte e saúde españois e internacionais para enriquecer o seu traballo e coñecemento.
  
- g) Promover o desenvolvemento de tecnoloxías que fomenten a difusión da cultura e en relación á saúde e o benestar.
  
- h) Fomentar o voluntariado social e corporativo.

**II.** Que o Servicio Gallego de Saúde ten por obxectivos a prestación de servizos asistenciais, de investigación e de formación, sendo uno dos principais procurar a mellora da calidade de vida dos pacientes e dos seus familiares, así como mellorar a experiencia destes no seu paso polos centros sanitarios.

**III.-** Que polas partes se produce unha confluencia nos seus obxectivos, polo que se considera de



interese o establecemento dunha colaboración entre as mesmas dirixida a impulsar a función das prácticas artísticas (música, arte plástico, etc.) como ferramenta de mellora da saúde, o benestar e a estancia hospitalaria de pacientes, familiares e persoal sanitario, apoiando a investigación clínica dos efectos das prácticas artísticas sobre a saúde das persoas e promover o desenvolvemento dun sector de actividade formado polo sector das industrias culturais e sanitarias.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio marco de colaboración, no ámbito sanitario de acordo coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### **Primera. Obxecto.**

O presente convenio marco ten por obxecto, regular o marco de colaboración co Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento das actividades nos centros da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras que, de común acordo, sexan designados no seu momento coa finalidade de contribuír a mellorar a atención integral do paciente, do familiar e do persoal sanitario a través das prácticas artísticas. Ademais quere mellorar a saúde e benestar das persoas hospitalizadas a través da cultura, xerando evidencias científicas sobre os efectos positivos das artes na saúde.

Os programas e actividades a emprender desenvolveranse posteriormente, nos aspectos concretos, formalizándose mediante acordos específicos singularizados referidos a cada área de actuación, que formarán parte inseparable do presente convenio marco, como anexos ao mesmo.

O obxecto do convenio levarse a cabo mediante as seguintes actividades:

a) Promover, organizar, e/ou colaborar na celebración de exposicións de obras de arte, conferencias, cursos, sesións de estudio e formación, campañas de sensibilización, etc. en todos seus formatos, en centros da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras que no seu momento sexan designados de común acordo entre as partes.



b) Desenvolver e promover actividades de voluntariado cultural relacionadas cos fins da Asociación.

c) Organizar campañas de prensa, radio, televisión e calquera outros medios de comunicación que permitan a difusión das actividades da asociación, así como elaborar, editar, publicar e difundir materiais vinculados cos fins da asociación, ben en papel ou soporte audiovisual e/ou multimedia. O contido destas campañas debe ser previamente posto en común coa área sanitaria.

## Segunda. Compromiso das partes

1. O Servizo Galego de Saúde (a través da Área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras), comprométese a:

- Definir, a través do Servizo de Atención ao Paciente e Humanización, os protocolos que regulan os requisitos de acceso aos ambientes onde se leven a cabo el programa de intervención atendendo á situación clínica dos pacientes segundo criterio dos profesionais sanitarios e decisión de pacientes e familiares.
- Efectuar o seguimento dos programas e actividades que se desenvolverán e definirán ao amparo do presente convenio marco de colaboración.
- Diseñar circuítos de comunicación para difundir as actividades que desenvolverá a asociación na área sanitaria.
- Promover enlaces institucionais para a consecución dos fins obxecto deste convenio.
- Unha vez ao ano, a área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras realizará unha nota de prensa cos resultados das actividades realizadas pola asociación, no marco do presente convenio.
- Facilitar, despois do consenso necesario, os espazos necesarios para a realización das actividades dirixidas aos pacientes, familiares e persoal sanitario para a inclusión dos contidos expositivos en vestíbulos, salas de espera, habitacións, etc.
- Facilitar á Asociación o uso dos salóns de actos dos centros para programar música e/ou actividades de difusión en función da dispoñibilidade de cada centro e con aprobación previa da Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras para a súa utilización.



- Proporcionar a información adecuada ao persoal sanitario (médico e de enfermaría), para que o maior número de pacientes e familiares, poidan acceder ás actividades da asociación.

## 2. A asociación comprométese a:

- Seguir as directrices do Servizo Galego de Saúde nos programas de intervención desenvolvidos ao amparo do presente convenio.
- Actuar en coordinación co Servizo de Atención ao Paciente e Humanización, comunicando a ditas unidades os diferentes proxectos para a súa valoración, aprobación e seguimento das actividades.
- Ter subscrita unha póliza de **seguros de accidentes e de responsabilidade civil** que cubra os posibles danos propios ou a terceiros causados no exercicio das actuacións encomendadas.

A asociación responderá subsidiariamente co seu patrimonio, fronte a todo risco excluído das coberturas das pólizas de Responsabilidade Civil ou no seguro de accidentes, subscritas.

- Respetar as normas internas de funcionamento dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, onde vaia a desenvolver as actividades obxecto do convenio.
- Non substituír nin interferir, en ningún caso, no labor dos profesionais sanitarios do centro. O persoal da asociación deberá ir acreditado mediante tarxeta de identificación, persoal e intransferible expedida polo centro sanitario a petición da asociación.
- Respetar a decisión de pacientes e familiares de aceptar e participar das súas actividades ou non.
- Remitir, con carácter anual, á comisión de seguimento do convenio, unha memoria que inclúe as actividades desenvolvidas durante o período establecido.
- Garantir en todas as actividades o dereito á intimidade dos pacientes.

## CUARTA. Financiamento.

Este convenio marco de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico entre as partes asinantes e, en consecuencia, non precisa consignación orzamentaria.

## QUINTA. Comisión mixta de seguimento.



1. Para o desenvolvemento do presente convenio e para resolver cantas dúbidas e discrepancias poidan xurdir na interpretación e aplicación do mesmo, crease unha comisión de seguimento cuxa composición será a seguinte:

- Dúas persoas en representación do Servizo Galego de Saúde, sendo unha delas a persoa titular da Subdirección de Humanización e Atención á Cidadanía do área sanitaria ou persoa en quen delegue e outro o titular do servizo de atención ao paciente e humanización ou persoa en quen delegue.
- Dúas persoas en representación da asociación, sendo unha deles o Presidente da asociación ou persoa en quen delegue, e un/unha técnico/a da mesma.

2. Serán funcións da citada comisión:

- Estudar cada proxecto e actividades a desenvolver pola asociación.
- Velar polo bo desenvolvemento de todas e cada unha das actividades formuladas no desenvolvemento do obxecto do convenio así como o seu seguimento e avaliación.
- Avaliación do traballo realizado por voluntarios e traballadores involucrados nos proxectos da asociación.
- Valorar iniciativas e propostas artísticas de terceiros ou dos propios centros da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

A Comisión constituirase no primeiro mes a partir da sinatura do convenio. Reunirase (de forma presencial ou telemática) con carácter ordinario cada seis meses e, con carácter extraordinario, cando o solicite calquera das partes, comunicando previamente os asuntos a tratar.

## **SEXTA. Persoal.**

A subscrición do presente convenio no comporta relación contractual algunha entre o Servizo Galego de Saúde e as persoas ou profesionais que realicen as actividades da asociación que constitúan o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, por calquera incidencia acaecida en desenvolvemento do mesmo.



Este persoal, poderá ter unha relación coa asociación de carácter laboral, mercantil ou voluntario a título gratuíto, segundo as necesidades e estará debidamente seleccionado e formado pola asociación, de acordo coas actividades a desenvolver nos centros da xerencia da área sanitaria.

As obrigas sociais e laborais respecto ao persoal que achega a asociación corresponderán única e exclusivamente a esta, sendo a Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras e o Servizo Galego de Saúde, alleos a ditas relacións laborais.

#### **SÉTIMA. Confidencialidade e protección de datos.**

Ambas partes teñen que considerar confidencial toda a información á que poidan chegar a ter acceso da outra parte durante a execución do presente convenio marco de colaboración e con posterioridade ao mesmo.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométese a gardar absoluta reserva sobre a información á que puideran acceder para a execución do presente convenio mantendo as pertinentes medidas de confidencialidade e seguridade, formando e informando axeitadamente ao persoal que poda ter acceso a dita información, obrigando ao mantemento do secreto profesional incluso despois de finalizado o presente convenio; así como á preservación da información durante os períodos fixados na normativa vixente, manténdoa nos soportes axeitados, e coa destrución controlada de toda aquela información de apoio considerada como non imprescindible. As partes comprométese, así mesmo, a non efectuar usos nin cesións non autorizados de datos persoais recollidos en aplicación do presente convenio.

En canto ao uso de imaxes, en aqueles casos nos que non aparezan rostros de pacientes e familiares recoñecibles, a asociación poderá usar a imaxe para fins de difusión da súa actividade. Ditas imaxes quedarán a disposición do Servizo Galego de Saúde ao seu uso e divulgación das actividades de humanización que desenvolva no ámbito sanitario. Noutros casos onde aparezan identidades recoñecibles actuarase segundo marquen os protocolos de uso de imaxes, coas autorizacións pertinentes.



## OITAVA.- Causas de resolución.

1. En virtude do artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente acordo marco extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto o por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vivencia do convenio sen ter acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de tódolos asinantes.

c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigacións e compromisos asumidos por parte de alguén dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do acordo e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará as partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o acordo. A resolución do acordo marco por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados si así se houbera previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo marco.

e) A falta de desenvolvemento do acordo marco a través dos correspondentes convenios específicos.



f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no acordo ou noutras leis.

Calquera das partes poderá propoñer a revisión deste acordo Marco, en calquera momento, para introducir as modificacións que estimen pertinentes. A modificación do contido do acordo requirirá o acordo unánime dos asinantes, debendo seguirse os mesmos trámites que para a súa subscrición. De producirse a revisión do clausulado, os correspondentes trocos deberán incorporarse ao mesmo. A subscrición do convenios específicos no suporá revisión das cláusulas do presente Acordo Marco.

#### **NOVENA.- Vixencia, prórroga e denuncia.**

O convenio estará vixente dende o día da súa sinatura e terá una duración de catro anos. Poderá prorrogarse, mediante acordo escrito, salvo que medie denuncia expresa de unha das partes, formulada con unha antelación mínima dun mes.

De conformidade co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en calquera momento antes da súa finalización, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

#### **DÉCIMA.- Réxime Xurídico**

O convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Con todo de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.



### **Décima primeira: Rexistro de convenios, transparencia e bon goberno.**

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, e a la Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bon goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, e en proba de conformidade das partes, asinase o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente do  
Servizo Galego de Saúde  
(P.D. sinatura 29.4.2025)  
O xerente da Área Sanitaria de Ourense,  
Verín e o Barco de Valdeorras

O presidente da Asociación  
Black&Chain Community

José Santiago Camba Bouzas

Jose Antonio García Gómez